






PREGUNTAS FRECUENTES

7^a Edición

 (+34) 986 213 790
 bfa@ceaga.com
 bfauto.es

 /in/bfa-auto
 @BFA_Auto

ÍNDICE

¿CANDO E COMO REXISTRAR UN PROXECTO ?	3
NON TEÑO CLARO EN QUE FASE INSCRIBIR O MEU PROXECTO. SE INSCRIBO O MEU PROXECTO NUNHA FASE QUE NON CORRESPONDA, SERÁ DESCARTADO?	3
¿QUE TIPO DE PROXECTOS PÓDENSE PRESENTAR? ¿É NECESARIO TER CONSTITUÍDA A SOCIEDADE?... 3	
¿PODO PARTICIPAR NA INICIATIVA BFA COMO AUTÓNOMO OU CONSTITUINDO UNHA COMUNIDADE DE BENS?	4
¿CAL DEBE SER A NATUREZA DO MEU PROXECTO E O GRAO DE DESENVOLVEMENTO?	4
¿NO CASO DE SER SELECCIONADO DEBO TRASLADARME A VIGO?	5
¿É OBRIGATORIA A ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DO PROGRAMA?	5
¿HAI ALGÚN REQUISITO DE NACIONALIDADE?	5
¿QUE CRITERIOS TERANSE EN CONTA Á HORA DE SELECCIONAR OS PROXECTOS FINALISTAS?	6
¿CAL É A LÍNGUA DA INICIATIVA?.....	6
¿CAL É A DIFERENCIA ENTRE PROMOTORES E EQUIPO XESTOR?	6
¿EXISTE UN LÍMITE DE PROXECTOS A PRESENTAR?	7
¿COMO ME COMUNICAN SE SON SELECCIONADO?	7
¿PARTICIPAR NO PROGRAMA É COMPATIBLE CON OUTRAS FONTES DE FINANZAMENTO?.....	7
¿COMO SE TRATA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA NA INSCRIPCIÓN?	7
SE O MEU PROXECTO NON ENCAIXA EN NINGUNHA DAS TEMÁTICAS MARCADAS COMO DE ESPECIAL INTERESE, ¿PODO PRESENTALO IGUALMENTE?	7

¿CANDO E COMO REXISTRAR UN PROXECTO ?

O proceso para a inscrición de proxectos na 7ª edición do BFA estará aberto do 20 de abril de 2023 ata as 14:00 hrs. (CEST) do 28 de xuño de 2023. O proceso de selección finalizará o 11 de Setembro de 2023 coa publicación dos proxectos seleccionados. O Business Factory Auto resérvase o dereito de acurtar ou prorrogar este prazo mediante anuncio que se publicará na páxina www.bfauto.es, sendo as datas finais e válidas as que figuren na devandita páxina web.

Os proxectos interesados en participar na presente convocatoria deberán cumprimentar o formulario de inscrición dispoñible na páxina do BFA www.bfauto.es no prazo indicado. Unha vez validada a inscrición, xa non se poderá modificar. Para avaliar a todos aqueles proxectos que cumpran cos termos e requisitos das bases da 7ª edición do programa, tan só terase en conta a información facilitada no formulario. Unha vez estudada a candidatura, o BFA resérvase o dereito de solicitar máis información aos proxectos se o considera necesario.

NON TEÑO CLARO EN QUE FASE INSCRIBIR O MEU PROXECTO. SE INSCRIBO O MEU PROXECTO NUNHA FASE QUE NON CORRESPONDA, SERÁ DESCARTADO?

Non, o proxecto non se descarta. Son os candidatos os que deciden a que fase queren postularse, pero o BFA, en función do nivel de madurez do proxecto, resérvase o dereito de cambialo de fase.

¿QUE TIPO DE PROXECTOS PÓDENSE PRESENTAR? ¿É NECESARIO TER CONSTITUÍDA A SOCIEDADE?

O Business Factory Auto non só está dirixido a iniciativas promovidas por particulares, tamén impulsa ideas innovadoras que se desenvolvan dentro de empresas existentes ou con orixe en centros de coñecemento.

O futuro da automoción e mobilidade céntrase na Industria 4.0 e, por iso, desde o BFA apoiaranse proxectos relacionados coa transformación dixital. Todas as tendencias da Fábrica do Futuro son claves para a industria e priorizaranse aqueles proxectos que se enmarquen nalgún dos ámbitos tecnolóxicos definidos como de interese para as empresas do sector de automoción de Galicia.

No momento de presentar a candidatura poden estar constituídos ou non como sociedade, o que se valorará é o potencial do proxecto e a traxectoria e adecuación do equipo ao mesmo. No caso de ter unha sociedade constituída, a súa antigüidade deberá ser como máximo de 5 anos (60 meses) para participar na fase de aceleración e máximo 7 anos (84 meses) para participar na fase de consolidación.

Se non teñen sociedade constituída, deben comprometerse a constituír unha sociedade antes do 10 de Novembro de 2023 e se o domicilio social, fiscal ou principal centro de actividade non está en Galicia deben facer o cambio antes do 10 de Novembro de 2023.

¿PODO PARTICIPAR NA INICIATIVA BFA COMO AUTÓNOMO OU CONSTITUINDO UNHA COMUNIDADE DE BENS?

Non. Para participar no programa BFA é necesario que o proxecto teña constituída algún tipo de sociedade mercantil (Sociedade de responsabilidade limitada, Sociedade anónima, Sociedade colectiva, Sociedade comanditaria, Sociedade Laboral ou Cooperativa)

Se a sociedade xa está constituída, debe ter actividade. Se se ten que constituír unha sociedade para participar no BFA, debe iniciar a súa actividade unha vez estea constituída.

¿CAL DEBE SER A NATUREZA DO MEU PROXECTO E O GRAD DE DESENVOLVEMENTO?

O Business Factory Auto non só está dirixido a iniciativas promovidas por particulares, tamén impulsa ideas innovadoras que se desenvolvan dentro de empresas existentes ou con orixe en centros de coñecemento:

Startup: empresa de recente creación promovida por emprendedores a título persoal en fase de arranque, xeralmente asociada á innovación e cun modelo de negocio escalable.

One company spin- out: empresa de recente creación resultado da escisión dun proxecto dunha compañía xa existente.

Several companies spin- outs: empresa de recente creación resultado da escisión dun proxecto desenvolvido de forma colaborativa por varias compañías.

Spin- off: empresa de recente creación nada a partir dun desenvolvemento innovador con orixe en centros de coñecemento (universidades, centros tecnolóxicos, etc.)

O programa conta con 2 fases cuxa diferenza radica no grao de madurez dos proxectos. Poderán optar á **fase de aceleración**, cunha duración de ata 9 meses, proxectos que estean nunha etapa inicial e que necesitan desenvolver e validar o seu produto ou servizo no sector de automoción. Se o proxecto ten o seu produto ou servizo definido e vendas reais, podería optar á **fase de consolidación** que tería unha duración de ata 12 meses.

Un proxecto que participou na fase de aceleración non entra directamente na fase de consolidación. Terá que presentar unha nova candidatura para a fase de consolidación e pasar todo o proceso de selección.

Non é necesario pasar pola fase de aceleración para optar a consolidación.

¿NO CASO DE SER SELECCIONADO DEBO TRASLADARME A VIGO?

A sociedade debe ter domicilio **social, fiscal** e principal **centro de actividade** na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos durante a súa participación no BFA. Ademais, se obteñen algunha das liñas de financiamento que se poñen ao dispor dos proxectos durante o programa, deben manter o domicilio social, fiscal e principal centro de actividade durante a vixencia dos contratos de financiamento.

Os proxectos participantes poderán situarse nas instalacións que o Consorcio da Zona Franca de Vigo pon ao dispor do BFA na área portuaria de Bouzas (Vigo), moi preto de CEAGA e do Centro de Vigo de Stellantis. O espazo conta con conexión a internet e salas de reunións.

¿É OBRIGATORIA A ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DO PROGRAMA?

As empresas que participan no BFA comprométense a prestar a dedicación requirida para o correcto desenvolvemento do proxecto durante o programa. Asumen o compromiso en firme de participar nas actividades presenciais que leven a cabo en Vigo ou a súa área metropolitana: deben participar de forma activa na formación, titorías e reunións de seguimento, tanto en liña como presenciais.

Os proxectos seleccionados comprometeranse a asistir e participar de forma activa en polo menos un 80% das actividades do Programa.

¿HAI ALGÚN REQUISITO DE NACIONALIDADE?

Non. Non hai ningún requisito. En BFA pódense presentar proxectos de calquera país. En caso de resultar seleccionados, os promotores deberán xestionar: a fixación do domicilio social e fiscal da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia, o establecemento do seu principal centro de actividade na mesma; e os permisos de traballo dos integrantes do equipo que vaian trasladarse a España (se fosen requiridos). Toda a documentación debe estar dispoñible antes do inicio da fase de aceleración/consolidación.

¿QUE CRITERIOS TERANSE EN CONTA Á HORA DE SELECCIONAR OS PROXECTOS FINALISTAS?

Nas candidaturas valorarase principalmente o equipo e o proxecto en función dos criterios establecidos nas bases da sétima edición do BFA. Naqueles proxectos que opten ao programa de aceleración na valoración obtida ponderarase cun peso do 60% o equipo e do 40% o proxecto, pois se considera que o equipo é a clave para o desenvolvemento e supervivencia do proxecto.

Para proxectos que opten ao programa de consolidación na valoración ponderarase cun peso do 40% o equipo e o 60% o proxecto. O equipo segue sendo clave, pero nestes momentos en que se require dun investimento superior o potencial do proxecto será fundamental.

¿CAL É A LÍNGUA DA INICIATIVA?

Os participantes poderán inscribir a súa candidatura en español, inglés ou galego. O programa será desenvolvido en español ou inglés en función das necesidades dos participantes.

¿CAL É A DIFERENCIA ENTRE PROMOTORES E EQUIPO XESTOR?

Cando se fala de promotores e equipo xestor temos que distinguir a natureza do proxecto que vai participar en BFA:

- Se se trata dunha startup os promotores e o equipo xestor serán as mesmas persoas.
- Se se trata dunha spin- out ou spin- off, os promotores serán a/ s empresa/ s ou o centro de coñecemento e o equipo xestor será o persoal que se dedique a tempo completo e/ou parcial ao proxecto e ás actividades programadas en BFA.

Os **promotores** son aquelas persoas ou entidade/é nas que ten a súa orixe o proxecto, son os seus artífices e impulsores. No caso de tratarse dunha entidade ou conxunto de entidades, estas deberán designar a un equipo xestor que interveña directamente no proxecto, con poder suficiente para a toma de decisións e representación total do mesmo.

O **equipo xestor** será o persoal que se dedique a tempo completo e/ou parcial ás actividades do día a día do proxecto. Serán as persoas que participen activamente nas actividades programadas en BFA.

¿EXISTE UN LÍMITE DE PROXECTOS A PRESENTAR?

Non se limita o número de proxectos que pode presentar cada equipo promotor, pero só optará á elegibilidade un. No caso de spin-offs e spin-outs, o BFA resérvase o dereito de elixir máis dun proxecto dun mesmo promotor en base a se ten ou non os equipos de proxecto ben diferenciados.

¿COMO ME COMUNICAN SE SON SELECCIONADO?

Finalizado o proceso de selección publicaranse os ata 10 proxectos convidados a participar na fase de aceleración e os ata 10 proxectos convidados a participar na fase de consolidación.

Os candidatos recibirán unha invitación formal para incorporarse á fase de aceleración ou consolidación do programa. Esta proposta terá unha validez de 5 días naturais para ser aceptada formalmente polo equipo emprendedor. En caso contrario, o Comité Executivo do programa poderá estender a invitación ao seguinte proxecto en reserva. Unha vez aceptada a invitación remitiranse os protocolos de participación que terán que ser asinados polos representantes das entidades.

¿PARTICIPAR NO PROGRAMA É COMPATIBLE CON OUTRAS FONTES DE FINANZAMENTO?

Desde logo, ademais axudarase aos participantes á procura de forma activa doutras fontes de financiamento.

¿COMO SE TRATA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA NA INSCRIPCIÓN?

Toda a información proporcionada será tratada de maneira confidencial. Para máis detalles pode consultar o apartado de aspectos legais das bases do programa da 7ª edición do BFA.

SE O MEU PROXECTO NON ENCAIXA EN NINGUNHA DAS TEMÁTICAS MARCADAS COMO DE ESPECIAL INTERESE, ¿PODO PRESENTALO IGUALMENTE?

Se. Que un proxecto non se encaixe dentro dalgunha destas temáticas non significa que non poida ser elegible, pero si que terán preferencia os proxectos que se enmarquen nalgunha de estás áreas.

BFA